

Ferrán Adrià mostra as claves da innovación ante o alumnado da UVigo

luns, 22 de abril do 2024 / S. P.

O prestixioso *chef* Ferran Adrià estivo este luns 22 de abril no Campus de Vigo con motivo da xornada *Imaxinémonos sen límites*, convocada pola Rede de Cátedras de Telefónica con motivo do centenario da operadora de telecomunicacións (este mes de abril). O cociñeiro catalán, embaixador de Telefónica dende 2010, compartiu con alumnado e profesorado a súa metodoloxía *Sapiens*. A cita foi na Facultade de Económicas e Empresariais.



Adrià, referencia mundial da alta cociña, estivo acompañado polo reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa; o director Territorial Norte de Telefónica, Manuel Ángel Alonso; o secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro; e o catedrático da Universidade de Vigo e director da Cátedra Telefónica do campus vigués, José Cidrás.

Durante a súa intervención, Adrià compartiu cos alumnos a súa metodoloxía *Sapiens*, unha técnica centrada en conectar diversas respostas para comprender mellor e fomentar a innovación, captar a atención dos presentes e impulsar a importancia da innovación no ámbito académico. Segundo fixo saber, “cando conectas todas as posíbeis respostas, podes empezar a comprender; se comprendes, innovarás mellor e poderás actuar con éxito”.

Trala primeira parte do programa de actividades, Adrià reuniuse con estudantes no Salón de Graos da dita facultade para darlles a coñecer o *Challenge elBulli1846*, desafío abeirado á Xira Centenario Telefónica para estimular e difundir a metodoloxía *Sapiens* na comunidade universitaria, e que se pode aplicar en Traballos Fin de Grao, Traballos Fin de Máster e, tamén, en proxectos innovadores. Os alumnos puxéronse a proba afrontando este reto e os gañadores recibirán como premio unha estada de dous días en Cala Montjoi cun programa exclusivo de actividades xunto a Ferran Adrià e o equipo de elBulliFoundation.

A Rede de Cátedras Telefónica nace en 2001 como instrumento de formación, investigación e transferencia de coñecemento para o impulso das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) na nosa sociedade, e todo iso desde unha óptica multidisciplinar. Esta alianza universidade-empresa estableceuse con 25 universidades españolas de referencia. Na Universidade de Vigo, Telefónica constituíu a súa cátedra homónima hai xa once anos co obxectivo de promover a aplicación das novas ferramentas no ámbito do ensino universitario, a investigación e a innovación. Dirixida polo catedrático José Cidrás, desenvolveu obradoiros e conferencias de interese para o alumnado (talleres) de Arduino, xornadas de Cidades e Enerxía Intelixentes, seminarios sobre a plataforma MiríadaX e os MOOCs, etc) e participou, entre outros, no Foro Tecnolóxico de Emprego, o congreso Smart Cities and Communities ou no encontro Hack for Good.

dinahos
hospeda este esp



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



- Metaversos. Enfoque GaiásTech
- O Diario Oficial de Galicia hoxe a ampliación de solicitar os bonos de decembro
- A Xunta destaca a importancia da concienciación dixital no territorio conectado

Gali
un ter
para in

